

Falta de limpeza dunha finca na parroquia de Mourente (Pontevedra).

Expediente: F.11.Q/3494/20

Santiago de Compostela, 4 de marzo de 2021

Estimada Sra.:

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do seu escrito referente á falta de limpeza dunha finca na parroquia de Mourente (Pontevedra).

ANTECEDENTES

Nesa queixa esencialmente indicaba que “ *la finca conlindante con referencia catastral [REDACTED] y perteneciente en su día a [REDACTED] ya fallecida, está continuamente en mal estado y las vecinas propietarias de la misma y descendientes de la mencionada hacen caso omiso de la petición diciendo continua y reiteradamente que ya están avisados los servicios de desbroce pero todo sigue mal y el ayuntamiento no da respuesta a nuestro problema.*

Ante iso requirimos, , información ao concello que xa nola remitiu. No informe achegado pola Administración sinalase o seguinte:

“Vista a solicitude de informe solicitada pala Valedora do Pobo en relación á queixa F.11.Q/3494/20, infórmase que con data do 26.08.2020 a Policía local emite informe no que sinala que das xestións practicadas na [REDACTED], resulta que a parcela denunciada correspóndase coa referencia catastral [REDACTED] (achégase plano catastral).

A citada parcela na actualidade, atópase limpa e libre de maleza.

O informe da policía local así como a reportaxe fotográfica canta cos seguintes, csv UTOY7EEM8TBT1X12, csv U6NXDTIZ7R1V3PZC, csv TY1IYP6GIL7B44CR, csv TTB413JY9KJPQGMM.

O acceso a citada documentación poderá descargarse mediante os correspondentes csv a través da sede electrónica do Concello de Pontevedra (sede.pontevedra.gal) no trámite "verificación de documentos mediante csv".

ANÁLISE

Á vista do contido do seu escrito de queixa e da documentación achegada por vostede e do que se manifesta no informe da Administración, esta realizou as actuacións oportunas para arranxar o asunto da súa queixa e procedendo a limpeza da finca colindante coa súa.

CONCLUSIÓN

Tras a investigación realizada –na que se avaliou o contido da súa queixa e o exposto no informe do citado concello dedúcese *que a intervención desta institución, requirindo información sobre os feitos, orixinou que a administración afectada revisara a situación, comprobara o problema que motivou a súa queixa e adoptara as medidas adecuadas para resolvelo.*

Por todo o anterior, resolvo dar por concluído este expediente ao considerar que a intervención desta institución, requirindo información sobre os feitos, orixinou que a administración afectada revisara a situación, comprobara o problema que motivou a súa queixa e adoptara as medidas adecuadas para resolvelo.

Ademais, comunicámoslle que, en aplicación do principio de transparencia, a partir da semana seguinte á data na que se ditou a presente resolución, esta incluírase na páxina web da institución.

O principio de publicidade das resolucións desta institución refórzase no artigo 37 da Lei 6/1984, cando prevé que o Valedor do Pobo, no seu informe anual ao Parlamento de Galicia, dará conta do número e tipos de queixa presentadas; daquelas que foron rexeitadas e as súas causas, así como das que foron obxecto de investigación e o seu resultado, con especificación das suxestións ou recomendacións admitidas pola administración pública galega. Neste sentido, no informe anual ao Parlamento de Galicia daráse conta das queixas que foron solucionadas ou resoltas positivamente no curso das actuacións desta institución.

Agradézolle a súa confianza nesta institución e *saúdo/a* atentamente.



María Dolores Fernández Galiño
Valedora do Pobo